



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

## ANUNCIO APROBACIÓN PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES DO PROGRAMA FORMATIVO MUNICIPAL SOBRE “HORTA ECOLÓXICA” E “PODA DE FROITEIRAS”

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de xaneiro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o establecemento do prezo público polas actividades do programa formativo municipal sobre horta ecolóxica e poda de froiteiras, consonte o disposto a continuación:

1º. Actividade municipal respecto da que procedería ao establecemento do prezo público.

Programa formativo municipal comprensivo dos cursos sinalados a continuación, e a desenvolver segundo o obxecto e restantes condicións descritivas básicas indicadas:

Curso “Horta Ecolóxica”

Obxecto: Adquisición de coñecementos básicos e prácticos para o cultivo, coidado e xestión integral dunha horta ecolóxica

Destinatarios: Persoas con empadramento/residencia legal no Concello de Val do Dubra

Duración: 12 horas, 8 sobre coñecementos/teoría, e de 4 sobre coñecementos prácticos/prácticas

Modalidade impartición: Presencial

Nº mínimo/máximo de alumnos/as: 5/20

Curso “Poda de Froiteiras”

Obxecto: Adquisición de coñecementos básicos e prácticos para a poda de froiteiras

Destinatarios: Persoas con empadramento/residencia legal no Concello de Val do Dubra

Duración: 8 horas, 4 sobre coñecementos/teoría, e de 4 sobre coñecementos prácticos/prácticas

Modalidade impartición: Presencial

Nº mínimo/máximo de alumnos/as: 5/20

2º. Prezo público aplicable ao programa formativo municipal sobre Horta Ecolóxica e Poda de Froiteiras:

- Prezo público xeral: 25,00 euros

Prezo a aboar polas persoas inscritas e admitidas en cada un dos dous cursos que



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: [correo@valdodubra.gal](mailto:correo@valdodubra.gal)

comprende o programa formativo:

- Curso de “Horta Ecolóxica”
- Curso de “Poda de Froiteiras”

3º. Condicións de aplicación e xestión do prezo público:

3.1 Estarán obrigados ao pagamento do prezo público as persoas inscritas e admitidas en algún dos cursos que comprende o programa formativo; e a dita obriga nacerá dende o momento en que exista admisión formal. En todo caso, non resultará obrigatoria a inscrición e admisión e ambos os dous cursos, podendo realizarse unicamente nun deles

3.2. Só procederá a devolución dos prezo público satisfeito polas persoas admitidas nos cursos do programa formativo en caso de que estes non se realizasen ou, no seu caso, pola concorrencia daquelas outras causas/circunstancias non imputables ás mesmas e que así o puidesen xustificar.

3.3. O prezo público será aboada polas persoas admitidas nun pagamento único, dentro do prazo sinalado ao efecto, e na/s conta/s bancaria/a das entidades colaboradoras da entidade municipal habilitadas para tal fin; e que poderá ser esixido en réxime de autoliquidación.

**SEGUNDO.-** Proceder á publicación do presente Acordo no BOP, así como no taboleiro de anuncios físico e electrónico do Concello; e dar traslado do mesmo á Intervención e Tesouraría Municipais, así como aos servizos municipais encargados da súa tramitación.

**TERCEIRO.-** Facultar á Alcaldía para cantas actuacións de trámite, e propias das súas atribucións, sexan precisas para a mellor execución do acordado

Val do Dubra, a 1 de febreiro de 2024.

O alcalde,  
Diego Luís Díaz Méndez